



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

Profundización no estudo dos elementos e procedementos contrapuntísticos relativos o sistema tonal, así como anteriores e posteriores ó mesmo. Realización escrita de traballos estilísticos libres, vocais e instrumentais. Práctica instrumental dos elementos e procedementos estudados.

OBXECTIVOS

- Desenvolve-lo coñecemento e práctica das diferentes técnicas do contrapunto imitativo do sistema tonal e modal (desenvolvendo aspectos analíticos, melódicos e auditivos); comprendendo a evolución das regras históricas (contrapunto severo) así como a súa relación cos diferentes estilos e épocas (neste primeiro curso traballarase preferentemente no estilo barroco e contrapunto modal).
- Realizar exercicios dados, así como a elaboración de obras contrapuntísticas de carácter libre, coa finalidade de esperta-la creatividade e o desenvolvemento dunha linguaxe persoal; tendendo ao equilibrio entre sentido horizontal ou melódico; e sentido vertical ou harmónico (polifonía e harmonía).
- Desenvolve-la capacidade analítica-visúal co fin de poder ter unha visión global dunha peza tanto dende unha perspectiva da análise técnica: tipo de contrapunto (simple, invertible, a 10ª, 12ª, etc), diferentes tipos de imitacións (directa, contraria etc,) progresións, cadencias, disonancias, etc. coma doutras perspectivas analíticas como por exemplo: a Análise Schenkeriana.
- Identificar auditivamente a través de obras os procedementos aprendidos, así como, escoitar internamente (desenvolvemento do oído interior) os contidos estudados tanto na análise coma na realización de traballos escritos.
- Tocar nun instrumento polifónico (ó piano) os diferentes traballos realizados.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

CURSO 1º

TRIMESTRE 1º

CONCEPTOS

- Estudo do contrapunto simple:
- Relación entre o contrapunto e a harmonía.
- O coral harmonizado, figurado e imitativo. Orixe e desenvolvemento.
- O contrapunto imitativo a dúas voces. Estudio da imitación rigorosa e libre á 8ª, 5ª y 4ª xustas, e a outros intervalos en movemento directo a través do canon aberto e cerrado, finito ou infinito, e dobre á 8ª.

PROCEDEMENTOS

- Escritura práctica de corais có C.F. en calquera das voces do coro.
- Escritura práctica do canon á 8ª a dous, utilizando os diferentes tipos de imitación.
- Análise técnico de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos barroco e clásico.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos que conduza a súa interiorización.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.

TRIMESTRE 2º

CONCEPTOS

- Continuación do estudo do contrapunto simple.
- O contrapunto imitativo a dúas voces, ou a dúos voces e unha complementaria. Estudio da imitación rigorosa e libre á 8ª, 5ª y 4ª xustas, e a outros intervalos utilizando as diferentes técnicas de imitación: movemento en espello ou contrario, retrograda, retrógrada por movemento contrario, aumentación e diminución, etc.
- Estudio analítico dos diferentes elementos da linguaxe musical (forma, ritmo, melodía, transformacións temáticas, verticalidade, modulación, cadencias, etc)

PROCEDEMENTOS

- Escritura práctica do canon á 8ª a dos (o a dos voces y unha complementaria), utilizando los diferentes tipos de imitación.
- Práctica do contrapunto invertible á 8ª utilizando a forma invención a dúas voces.
- Análise técnica de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos barroco e clásico.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

TRIMESTRE 3º

CONCEPTOS

- O contrapunto invertible á oitava levando a cabo o seu estudo a través da forma invención a dúas voces (podéndose engadir a éstas unha complementaria).
- Continuación do estudo analítico dos diferentes elementos da linguaxe musical (forma, ritmo, melodía, transformacións temáticas, verticalidade, modulación, cadencias, etc).

PROCEDEMENTOS

- Práctica do contrapunto invertible á 8ª utilizando a forma invención a dúas voces (podéndose engadir a éstas unha complementaria).
- Análise técnica de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos barroco e clásico.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos que conduza a súa interiorización.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostra-lo dominio do alumno no referente á práctica do contrapunto simple e invertible a dúas voces (invención e canon) e a catro voces (coral), no referente a crear liñas melódicas interesantes e equilibradas (armónica e contrapuntísticamente), así como a destreza na superposición das mesmas.
- Identificar auditivamente e mediante a análise os principais elementos morfolóxicos e sintácticos que configuran a forma a pequena e gran escala.
- Recoñece-los procedementos morfolóxicos e sintácticos mediante a análise de obras ou fragmentos referidos aos contidos do curso.
- Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito, dominando técnicas como a memorización, lectura a vista e improvisación.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- O carácter das clases é de tipo individual ou de pequenos grupos de dous alumnos, polo que o contacto profesor alumno é extremadamente directo, polo cal a programación a de adaptarse de modo moi continuo e individualizado ás características de cada alumno, facendo maior incidencia naqueles aspectos da programación máis custosos para o alumno.
- As clases desenvolveranse de modo participativo, tocando ó piano, tanto o profesor como o alumno, os traballos realizados, ou usando tamén medios tecnolóxicos como a informática. Fomentarase o desenvolvemento analítico do



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

alumno, así como a súa capacidade de lectura (primeira vista) e comprensión musical.

- A pesar de que a ensinanza desta materia é de carácter individual, fomentarase o coñecemento do traballo de cada alumno por parte de todos, (poderanse facer actividades conxuntas de tipo analítico, etc. sempre que o horario o permita) así como impulsa-los traballos de carácter libre e persoal, para a súa difusión a través de audicións e concertos.
- O libro de texto da clase é o tratado de contrapunto tonal e atonal de García Gago, Ed. clivis publicacións.

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia , xuño e setembro

- Realización dun exercicio cun tema ou arranque proposto polo profesor que o alumno desenvolverá, realizando unha forma musical das realizadas durante o curso (invención a dúas voces, canon a dúas voces ou coral figurado). O tempo de realización será entre 8 e 12 horas.

NOTA I: Traballos a realizar polos alumnos que no asisten a clase o suspenden en xuño, para ter garantía de supera-la materia no exame final:

O alumno presentará 5 corais harmonizados; 3 corais figurados; 5 canons, á oitava, á 5ª por movemento contrario, por diminución, aumentación e retrogradación; 3 invencións a dúas voces completas para piano. Os exercicios serán propostos polo profesor. Análise formal, harmónico e melódico de 4 obras propostas polo profesor.

NOTA II:

1. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de xuño** e non entregasen os traballos, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntalos o día do exame.
2. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de setembro** e non entregasen os traballos en xuño, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntalos o día do exame.
3. - **Os alumnos que non haxan cumprido os créditos** deberán realizar unha proba global, determinada polo Departamento ou polo Profesor, consistente na realización de un ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos establecidos na programación. Asemade, deberán adxuntar os traballos o día do exame.
4. - Aqueles alumnos que realicen a **proba de ampliación** deberán, tamén, presentar os traballos.
- 5.- O **contido das probas obxectivas** é o que figura na programación de cada unha das materias adscritas ao Departamento.
6. - O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresánte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

CURSO 2º

Profundización no estudo dos elementos e procedementos contrapuntísticos relativos o sistema tonal, así como anteriores e posteriores ó mesmo. Realización escrita de traballos estilísticos libres, vocais e instrumentais. Práctica instrumental dos elementos e procedementos estudados.

OBXECTIVOS

- Desenvolve-lo coñecemento e práctica das diferentes técnicas do contrapunto imitativo do sistema tonal e modal (desenvolvendo aspectos analíticos, melódicos e auditivos); comprendendo a evolución das regras históricas (contrapunto severo) así como a súa relación cos diferentes estilos e épocas (neste segundo curso traballárase preferentemente no estilo clásico e romántico)
- Realizar exercicios dados, así como a elaboración de obras contrapuntísticas de carácter libre, coa finalidade de esperta-la creatividade e o desenvolvemento dunha linguaxe persoal; tendendo ao equilibrio entre sentido horizontal ou melódico; e sentido vertical ou harmónico (polifonía e harmonía).
- Desenvolve-la capacidade analítica-visúal co fin de poder ter unha visión global dunha peza tanto dende unha perspectiva da análise técnica: tipo de contrapunto (simple, invertible, a 10ª, 12ª, etc), diferentes tipos de imitacións (directa, contraria etc,) progresións, cadencias, disonancias, etc. coma doutras perspectivas analíticas como por exemplo: a Análise Schenkeriana.
- Identificar auditivamente a través de obras os procedementos aprendidos, así como, escoitar internamente (desenvolvemento do oído interior) os contidos estudados tanto na análise coma na realización de traballos escritos.
- Tocar nun instrumento polifónico (ó piano) os diferentes traballos realizados.

TRIMESTRE 1º

CONCEPTOS

- O coral variado. Orixe e desenvolvemento. Estudo dos principios compositivos do fugado e a fuga.
- O contrapunto imitativo a tres voces.
- O estudo do contrapunto invertible á oitava a tres voces.
- Profundización e uso da imitación rigorosa e libre á 8ª, 5ª, 4ª xustas, en movemento directo e movemento en espello ou contrario.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

PROCEDEMENTOS

- Escritura práctica de corais variados como forma a desenvolver no curso.
- Escritura práctica do canon á 8ª a tres voces, utilizando os diferentes tipos de imitación e utilizando unha das voces como complementaria. Canon triple.
- Práctica do contrapunto invertible á 8ª a tres voces.
- Análise técnica de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos barroco tardío, clásico e romántico.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.

TRIMESTRE 2º

CONCEPTOS

- O estudo do contrapunto invertible á oitava a tres voces
- Profundización e uso da imitación rigorosa e libre á 8ª, 5ª y 4ª xustas en movemento directo e movemento en espello ou contrario e a outros intervalos, utilizando as diferentes técnicas de imitación: movemento directo, movemento en espello ou contrario, retrogrado, retrógrado por movemento contrario, aumentación e diminución, etc.
- Estudio do canon aberto e pechado, finito e infinito, triple á 8ª, e dobre sendo unha delas complementaria.

PROCEDEMENTOS

- Escritura práctica do canon á 8ª a tres voces utilizando-los diferentes tipos de imitación e utilizando unha das voces como complementaria. Canon triple.
- Práctica do contrapunto invertible á 8ª utilizando a forma invención a tres voces.
- Análise técnica de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos barroco tardío, clásico y romántico.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.

TRIMESTRE 3º

CONCEPTOS

- Continuación do estudo analítico dos diferentes elementos da linguaxe musical (forma, ritmo, melodía, transformacións temáticas, verticalidade, modulación, cadencias, etc).
- Continuación do estudo do contrapunto invertible á oitava levando a cabo o seu estudo a través da forma invención a tres voces para piano e para instrumentos melódicos.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

PROCEDEMENTOS

- Práctica do contrapunto invertible á 8ª utilizando a forma invención a tres voces.
- Análise técnica de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos barroco tardío, clásico e romántico.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostra-lo dominio do alumno no referente á práctica do contrapunto simple e invertible a dúas, tres voces (invención a tres e canon dobre con voz complementaria e triple) e catro voces ou máis voces, no referente a crear liñas melódicas interesantes e equilibradas (harmónica e contrapuntísticamente), así como a destreza na superposición das mesmas.
- Identificar auditivamente e mediante a análise os principais elementos morfolóxicos e sintácticos que configuran as formas contrapuntísticas a pequena e gran escala preferentemente da época barroco tardía, clásica e romántica.
- Recoñece-los procedementos morfolóxicos e sintácticos mediante a análise de obras ou fragmentos nos que predominen as texturas contrapuntísticas, referidos aos contidos do curso.
- Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito, dominando técnicas como a memorización, lectura a vista e improvisación.
- Recoñecer os procedementos morfolóxicos e sintácticos mediante a análise de obras ou fragmentos nos que predominen as texturas contrapuntísticas, referidos aos contidos do curso.
- Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito, dominando técnicas como a memorización, lectura a vista e improvisación.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- O carácter das clases é de tipo individual ou de pequenos grupos de dous alumnos, polo que o contacto profesor alumno é extremadamente directo, polo cal a programación a de adaptarse de modo moi continuo e individualizado ás características de cada alumno, facendo maior incidencia naqueles aspectos da programación máis custosos para o alumno.
- As clases desenvolveranse de modo participativo, tocando ó piano, tanto o profesor como o alumno, os traballos realizados, ou usando tamén medios tecnolóxicos como a informática. Fomentarase o desenvolvemento analítico do



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

alumno, así como a súa capacidade de lectura (primeira vista) e comprensión musical.

- A pesar de que a ensinanza desta materia é de carácter individual, fomentárase o coñecemento do traballo de cada alumno por parte de todos, (poderanse facer actividades conxuntas de tipo analítico, etc. sempre que o horario o permita) así como impulsa-los traballos de carácter libre e persoal, para a súa difusión a través de audicións e concertos.
- O libro de texto da clase é o tratado de contrapunto tonal e atonal de García Gago, Ed. clivis publicacións.

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia, xuño e setembro

- Realización dun exercicio cun tema ou arranque proposto polo profesor que o alumno desenvolverá, realizando unha forma musical das realizadas durante o curso (invención a tres voces, canon a tres voces ou coral variado). O tempo de realización será entre 8 e 12 horas.

NOTA I: Traballos a realizar polos alumnos que non asisten a clase o suspenden en xuño, para ter garantía de supera-la materia no exame final:

O alumno presentará 5 traballos para piano en invertible en varias versións e nas súas correctas posibilidades, de temas propostos polo profesor; 5 invencións completas sobre temas propostos polo profesor, 3 en forma fugada, e dúas en forma binaria. Análise formal, harmónico e melódico de 4 obras propostas polo profesor.

NOTA II:

1. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de xuño** e non entregasen os traballos, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntalos o día do exame.
2. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de setembro** e non entregasen os traballos en xuño, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntalos o día do exame.
3. - **Os alumnos que non haxan cumprido os créditos** deberán realizar unha proba global, determinada polo Departamento ou polo Profesor, consistente na realización de un ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos establecidos na programación. Asemade, deberán adxuntar os traballos o día do exame.
4. - Aqueles alumnos que realicen a **proba de ampliación** deberán, tamén, presentar os traballos.
- 5.- O **contido das probas obxectivas** é o que figura na programación de cada unha das materias adscritas ao Departamento.
6. - O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresáinte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

CURSO 3º

Profundización no estudo dos elementos e procedementos contrapuntísticos relativos o sistema tonal, así como anteriores e posteriores ó mesmo. Realización escrita de traballos estilísticos libres, vocais e instrumentais. Práctica instrumental dos elementos e procedementos estudados.

OBXECTIVOS

- Desenvolve-lo coñecemento e práctica das diferentes técnicas do contrapunto imitativo do sistema tonal e modal (neomodal) desenvolvendo aspectos analíticos, melódicos e auditivos; comprendendo a evolución da ruptura da tonalidade e da aparición dos novos e diferentes métodos compositivos tradicionais do século XX (neste terceiro curso traballárase preferentemente no estilo postromántico, impresionista, atonal, dodecafónico, serial, etc.).
- Realizar exercicios dados, así como a elaboración de obras contrapuntísticas de carácter libre, coa finalidade de esperta-la creatividade e o desenvolvemento dunha linguaxe persoal; tendendo ao equilibrio entre sentido horizontal ou melódico; e sentido vertical ou harmónico (polifonía e harmonía).
- Desenvolve-la capacidade analítica-visúal co fin de poder ter unha visión global dunha peza tanto dende unha perspectiva da análise técnica: tipo de contrapunto (simple, invertible, a 10ª, 12ª, etc), diferentes tipos de imitacións (directa, contraria etc,) progresións, cadencias, disonancias, etc. coma doutras perspectivas analíticas como por exemplo: a Análise Schenkeriana.
- Identificar auditivamente a través de obras os procedementos aprendidos, así como, escoitar internamente (desenvolvemento do oído interior) os contidos estudados tanto na análise coma na realización de traballos escritos.
- Tocar nun instrumento polifónico (ó piano) os diferentes traballos realizados.

TRIMESTRE 1º

CONCEPTOS

- O contrapunto a máis de catro partes.
- O contrapunto invertible a outros intervalos distintos o de 8ª. (á 10ª e 12ª).
- Profundización no uso das técnicas contrapuntísticas clásicas nunha linguaxe harmónica de carácter postromántico.
- Profundización no uso da imitación rigorosa e libre á 8ª, 5ª, 4ª xustas, nas diferentes técnicas tradicionais de imitación (movemento directo, movemento en espello ou contrario, aumentación, diminución e retrogradación, nos diferentes e novas linguaxes do século XX despois da ruptura da tonalidade.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

PROCEDEMENTOS

- Escritura práctica do canon á 8ª ou a outros intervalos, a dúas e a tres voces utilizando os diferentes tipos de imitación e utilizando unha das voces como complementaria. Canon triple.
- Escritura práctica de composicións a máis de catro voces.
- Práctica do contrapunto invertible á 8ª e a outros intervalos utilizando a forma invención a tres voces, ou a dúas voces invertibles e unha libre.
- Análise técnica de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos romántico, nacionalismos, impresionismo, dodecafonismo, serialismo, etc.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.

TRIMESTRE 2º

CONCEPTOS

- Continuación e profundización nas claves da ruptura do sistema tonal e a función do contrapunto en todo elo.
- Continuación do estudio do contrapunto nos compositores do século XX (Shostakovich, Hindemith, Bartok, Shöenberg y Webern) nas súas diferentes técnicas e estilos despois da ruptura do sistema tonal.

PROCEDEMENTOS

- Escritura práctica a través de composicións como o canon á 8ª ou a outros intervalos, a invención, pezas de suite e outras formas de carácter libre (uso do contrapunto invertible); a dúas, tres ou máis voces utilizando-los diferentes tipos de imitación e utilizando unha das voces como complementaria. Canon triple.
- Escritura práctica de composicións a máis de catro voces.
- Análise técnica de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos romántico, nacionalismos, impresionismo, dodecafonismo, serialismo, etc.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.

TRIMESTRE 3º

CONCEPTOS

- Continuación e profundización dos coñecementos aprendidos.
- Continuación do estudo analítico dos diferentes elementos da linguaxe musical (forma, ritmo, melodía, transformacións temáticas, verticalidade, modulación, cadencias, etc).



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

- Continuación do estudo do contrapunto invertible á oitava e a outros intervalos, coas súas diferentes fórmulas de imitación, levando a cabo o seu estudo a través das formas de carácter libre

PROCEDEMENTOS

- Escritura práctica a través de composicións de carácter libre ou xa establecidas como o canon, a invención, pezas de suite e outras formas (aplicando o contrapunto invertible á 8ª ou a outros intervalos); a dúas, tres ou máis voces utilizando-los diferentes tipos de imitación e empregando unha das voces como complementaria.
- Escritura práctica de composicións a máis de catro voces.
- Análise técnica de partituras onde predomine a textura contrapuntística dos estilos romántico, nacionalismos, impresionismo, século XX, etc.
- Práctica auditiva e instrumental (instrumento polifónico) dos elementos e procedementos aprendidos.
- Composición de obras libres de xénero vocal e instrumental.

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia, xuño e setembro

- Realización dun exercicio cun tema ou arranque proposto polo profesor que o alumno desenvolverá, realizando unha forma musical das realizadas durante o curso (invención a tres voces, canon a tres voces, ou forma libre). O tempo de realización será entre 8 e 12 horas.

NOTA I: Traballos a realizar polos alumnos que no asisten a clase o suspenden en xuño, para ter garantía de supera-la materia no exame final:

O alumno presentara 5 obras de carácter contrapuntístico seguindo diferentes esquemas formais para diferentes formacións instrumentais propostas polo profesor, sobre temas propios e tamén propostos polo profesor. Estas obras estarán baseadas nas técnicas habituais do contrapunto sendo orientadas a unha harmonización máis libre e cercana as diferentes técnicas do século XX. As obras poderán ter máis dun movemento. Análise formal, harmónico a melódico de 5 obras propostas polo profesor.

NOTA II:

1. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de xuño** e non entregasen os traballos, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntalos o día do exame.
2. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de setembro** e non entregasen os traballos en xuño, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntalos o día do exame.
3. - **Os alumnos que non haxan cumprido os créditos** deberán realizar unha proba global, determinada polo Departamento ou polo Profesor, consistente na realización de un ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos establecidos na programación. Asemade, deberán adxuntar os traballos o día do exame.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

4.- O **contido das probas obxectivas** é o que figura na programación de cada unha das materias adscritas ao Departamento.

5. - O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresáinte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostra-lo dominio do alumno no referente á práctica do contrapunto simple e invertible a dúas, tres voces (invención a tres e canon dobre con voz complementaria e triple), no referente a crear liñas melódicas interesantes e equilibradas (harmónica e contrapuntísticamente), así como a destreza na superposición das mesmas.
- Identificar auditivamente e mediante a análise os principais elementos morfolóxicos e sintácticos que configuran a forma a pequena e gran escala preferentemente na música do século XX.
- Recoñece-los procedementos morfolóxicos e sintácticos mediante a análise de obras ou fragmentos nos que predominen as texturas contrapuntísticas, referidos aos contidos do curso.
- Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito, dominando técnicas como a memorización, lectura a vista e improvisación.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- O carácter das clases é de tipo individual ou de pequenos grupos de dous alumnos, polo que o contacto profesor alumno é extremadamente directo, polo cal a programación a de adaptarse de modo moi continuo e individualizado ás características de cada alumno, facendo maior incidencia naqueles aspectos da programación máis custosos para o alumno.
- As clases desenvolveranse de modo participativo, tocando ó piano, tanto o profesor como o alumno, os traballos realizados, ou usando tamén medios tecnolóxicos como a informática. Fomentarase o desenvolvemento analítico do alumno, así como a súa capacidade de lectura (primeira vista) e comprensión musical.
- A pesar de que a ensinanza desta materia é de carácter individual, fomentarase o coñecemento do traballo de cada alumno por parte de todos, (poderanse facer actividades conxuntas de tipo analítico, etc. sempre que o horario o permita) así como impulsa-los traballos de carácter libre e persoal, para a súa difusión a través de audicións e concertos.
- O libro de texto da clase é o tratado de contrapunto tonal e atonal de García Gago, Ed. clivis publicacións.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

METODOLOXÍA

Material Curricular Básico

- Contrapunto tonal e atonal de García Gago.
Ed. clivis publicaciones.
- Contrapunto creativo de J. Wilbrandt y J. Forner.
Ed. Labor.
 - Tratado de contrapunto de J. Torre Bertucci.
Ed. Ricordi.
 - Trattatto pratico di contrapunto y fugue de J.J. Fux.
Ed. Norton.
 - Trattatto pratico di contrapunto y fugue de T. Dubois.
Ed. Ricordi.
 - Contrapunto de Diether de la Motte.
Ed. Labor.
 - Contrapunto de Walter Piston.
Ed. Labor.
 - O contrapunto na composición de C Schachter y F. Salzer.
Ed. Idea books.
 - Novo tratado de hharmonía de Alois Haba.
Ed. Real musical.
 - A hharmonía do século XX de Vicent Persichetti.
Ed. Real musical.
 - Análise do estilo musical de Jan LaRue.
Ed. Span Press Universitaria.
 - Technique de la musique atonale de Julien Falk.
Ed. Alphonse Leduc.
 - Composición serial e atonalidad de George Perle.
Ed. Real musical.
 - O contrapunto do século XX de H. Searle
Ed. Vergara.
 - Tonalidad, atonalidade e pantonalidade de Rudolph Reti.
Ed. Rialp.
 - Historia da música española Vol. VI. Siglo XX de Tomas Marco.
Ed. Alianza.
 - Antología da música do século XX de Robert P. Morgan.
Ed. Akal.
 - A música do século XX de Robert P. Morgan.
Ed Akal.
 - Técnicas compositivas do século XX (vol 1) de Gotzon Aulestia.
Ed. Alpuerto.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: CONTRAPUNTO

RECURSOS

Agrupamentos

- Clases individuais de 1/1 unha hora unha vez por semana, ou grupos de 2/1 unha vez por semana 1:30h cada sesión de clase.

Espazos

- Aulas de 25 a 30 metros cadrados.

Materiais varios

- Equipos de Audio (un por cada clase con lector de cd).
- TV, vídeo, retroproyector y proyector de diapositivas (un equipo para todo o departamento de Fundamentos de Composición).
- Ordenadores (un por cada clase) e software musical (secuenciador, editor de partituras, módulos de sons varios) conectado a teclado midi (maestro).
- Impresora y Scanner (un equipo para todo o departamento de Fundamentos de Composición).
- Un piano con banqueta (un por cada clase) e atril.
- Mobiliario: encerados por clase con borradores e tizas, armarios, cadeiras con pala, mesa e cadeira para o profesor, papeleira, percheiro e calefacción.

Actividades

- Lectura de obras ou fragmentos (adaptados aos contidos do curso).
- Análise das mesmas.
- Realización de traballos monográficos.
- Audición de obras de diferentes épocas referidos aos contidos do curso.
- Asistencia habitual a concertos.
- Visualización de obras en vídeo que dalgún modo poidan estar relacionadas cos contidos de estudo.
- Asistencia a cursos monográficos relacionados cos contidos.
- Composición de pequenas pezas para ser tocadas en público.